

## MATERIAL

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR: Traer no mes de setembro, previsiblemente antes do día 10 (Estar pendentes da páxina web xa que dada a situación todavía non podemos determinar o día exacto).

## ROUPA:

\***Marcar** o mandilón, chaquetas, gorras, cazadoras... co seu nome en MAIÚSCULAS.

\*Roupa cómoda para a autonomía no baño (pantalóns ou chándales con gomas, sen tirantes ou cintos).

\*Poñer unha cinta para colgar no percheiro.

\*A mochila será pequena e de colgar nas costas. NUNCA CON RODAS.

\*Calzado con velcros, non con cordóns.

## MANDILÓN:

Será de cor AMARELO (lisos, de raias, cadros...)

\*Con botóns e os ollais de cores que se correspondan.

\*Os botóns por diante.

\*Marcado (pintado, bordado,...) co seu nome escrito en MAIÚSCULAS nun lugar visible na parte de diante.

\*Se teñen puños serán substituídos por gomas.

TODO ISTO É POSIBLE SI  
COLABORAMOS XUNTOS  
ESCOLA E FAMILIA



BO VERÁN!



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "A SOLAINA"  
R/CARDENAL CISNEROS S/N  
15570 NARÓN-A CORUÑA  
TLF/FAX 881930373/881930374  
E-MAIL [ceip.asolaina@edu.xunta.es](mailto:ceip.asolaina@edu.xunta.es)  
NIF Q-6555187-A

## EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A SOLAINA  
CURSO  
2020-21



INFORMACIÓN  
PARA AS  
FAMILIAS DOS  
ALUMNOS/AS DE  
NOVA  
INCORPORACIÓN

4º EDUCACIÓN INFANTIL



# ORIENTACIÓNS PARA A ESCOLARIDADE

## QUERIDOS PAIS E NAIS

Ir á escola é un paso moi importante na vida do seu fillo/a, por iso queremos felicitalos por elixir o noso centro para desenvolver a aprendizaxe dos vosos pequenos e pequenas.

Escola e familia temos unha responsabilidade conxunta e por iso vos achegamos unhas suxestións que teñen como finalidade axudar aos vosos fillos/as na súa adaptación á escola.

## PAPÁ E MAMÁ, ESTE VERÁN...

\*para vir ao cole é imprescindible que teña adquirido o control de esfínteres e non empregar cueiro, agás en casos con informe médico.

\*deixádemme xogar con outros nenos e nenas que estarán comigo na escola.

\*ensinádemme hábitos básicos relacionados co aseo, vestido e alimentación, ir só/soa ao servizo, beber auga, lavarme as mans...

\*axustádemme, na medida do posible, os meus hábitos de sono e comida ao horario escolar que terei o próximo curso.

\*faládemme do colexio coma un lugar bo de aprendizaxe e divertimento.

## QUE FAREI NA EDUCACIÓN INFANTIL?

\*Aprenderei a descubrir como son. Nenos e nenas somos iguais.

\*Farei cousas por min mesmo e sentireime cada vez máis seguro.

\*Coñecerei a moitos nenos e nenas e fareime o seu amigo.

\*Sentirei curiosidade polo que hai e polo que sucede na miña contorna.

\*Axudarei, colaborarei e respectarei aos demais (mestras/es, compañeiras/os).

\*Participarei nas festas e conmemoracións do colexio.

\*Coñecerei e utilizarei, con creatividade, diversas formas de expresión artística.

\*Aprenderei a expresar vivencias reais ou imaxinadas a través do xogo, dramatizacións, debuxos,...

\*Falarei cos demais e escoitarei. Fareime entender e entenderei o que me din.

\*Coa axuda da escola adquirirei hábitos:

-De orde e traballo.

-De hixiene e aseo.

-De saúde e alimentación.

-De sono e puntualidade.

## PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Regulado pola orde de calendario escolar para o curso 2020/21 pendente de aprobación, facendo a flexibilización horaria e entrada escalonada ata finais de setembro.

**A planificación comunicarse na reunión do mes de setembro. Será un proceso gradual, sendo preciso dispoñer dun horario flexible ou persoas autorizadas tanto para a entrada como para a recollida dos nenos/as.**

### POR QUE É IMPORTANTE?

\*Os nenos/as sepáranse da 1ª figura de apego e a incorporación gradual vai facilitar a integración.

\*Axuda aos nenos/as a axustarse ao horario e aprender as rutinas diarias de forma gradual.

### **RECOMENDACIÓNS XERAIS:**

\*Que papá e mamá veñan á escola tranquilos e contentos para que os nenos/as veñan coa mesma actitude.

\*Adaptarse máis facilmente á escola o neno/a que está afeito a ter normas (**poucas e claras**).

\*A **puntualidade** é un hábito fundamental xa que se non romperá o horario das rutinas e os nenos/as estarán desubicados cando cheguen tarde.

**\*Se os nenos/as están enfermos deberedes deixalos na casa para evitar contaxios.**

\*O centro segue unha campaña de "alimentos saudables" para as merendas.